NOTA DE PRENSA

O Partido Socialista de Bóveda consegue o apoio de todos os grupos políticos para que a Deputación execute a segunda fase da ETAP

Este foi o resultado da votación á moción presentada polo PSOE, e que xurde da necesidade de mellorar o abastecemento de auga, garantindo ao mesmo tempo o subministro e a salubridade dos cidadáns

A colaboración económica do organismo que preside Gómez Besteiro será clave para solucionar este problema que os veciños deste municipio veñen sufrindo dende hai tempo, e que está motivado porque a captación no encoro de Vilasouto xera periodicamente problemas na captación do subministro, debido á proliferación das xa famosas cianobacterias

BÓVEDA, 23 DE NOVEMBRO DE 2014.- A voceira do PSOE de Bóveda –Carmen Macía- conseguiu o apoio dos grupos políticos para que a Deputación execute a segunda fase da ETAP. Este foi o resultado da votación á moción presentada pola socialista, e que xurde da necesidade de mellorar o abastecemento de auga, garantindo ao mesmo tempo o subministro e a salubridade dos cidadáns.

Deste xeito, a colaboración económica do organismo que preside José Ramón Gómez Besteiro será clave para solucionar este problema que os veciños deste municipio veñen sufrindo dende hai tempo, e que está motivado porque a captación no encoro de Vilasouto xera periodicamente problemas na captación do subministro, principalmente en épocas estivais, debido á proliferación das xa famosas cianobacterias.

"Este resultado é unha satisfacción, pero máis importante é se cabe a colaboración que nos brinda a Deputación. O seu presidente está a demostrar con feitos, e non con palabras, que ten un compromiso con Bóveda; algo que todos debemos de recoñecer con independencia do Partido ao que pertenzamos", subraia a socialista.

E é que a axuda económica que recibirá a entidade local por parte do organismo provincial para financiar a segunda fase da ETAP vai "axudar a solventar o grave problema que tiñamos". "Somos conscientes que de que o concello emprendeu labores para a acometer a nova captación no río Viloria, cuxa función é abastecer aos cidadáns cando apareza a proliferación de algas no encoro de Vilasouto, pero cremos imprescindible acometer melloras para garantir o abastecemento de auga en todas as condicións. Por iso, levamos este asunto ao Pleno", indica a socialista